

TRAS AS CONTINUAS DENUNCIAS DE UGT, O CLIF PUBLICA RECOMENDACIÓNS SOBRE O LAVADO DE EPIs

Santiago de Compostela 05/12/23

Desde **UGT Servizos Públicos** lévase anos demandando a limpeza dos Equipos individuais de protección do persoal Bombeiro Forestal, e acabamos de coñecer que o **Comité de Loita contra Incendios Forestais (CLIF) dependente do Ministerio de Transición Ecolóxica e Reto Demográfico**, publica as **Recomendacións sobre o risco por exposición a axentes químicos na actividade de extinción de incendios forestais**, instando aos responsables da prevención dos riscos laborais das diferentes comunidades autónomas á adopción das seguintes medidas preventivas para minimizar a exposición a axentes químicos xerados polo incendio, integradas no resto de medidas preventivas que sexan de aplicación a este persoal.

Propóñense '**Procedementos Operativos e de Traballo**', que derivan nun Procedemento na limpeza dos equipos e EPIs do dispositivo, así como medidas de hixiene persoal e de protección individual. Estas medidas deberán sempre conxugarse coa operatividade e efectividade da actividade das e os Bombeiros Forestais na loita contra os incendios forestais.

Ditas demandas, que agora xa son acordadas no seo do órgano intercomunitario e ministerial, recoñecéronse en diversas comunidades autónomas tras o continuo traballo sindical e as diversas denuncias realizadas en Inspección de Traballo nos diferentes territorios polos responsables de **UGT** e o **Sindicato Profesional de Bombeiros e Bombeiros Forestais de UGT SP**.

Agora e tras a publicación destas recomendacións **seguiremos traballando na vixilancia e seguimento da implementación real e efectiva en todos os dispositivos e unidades de Bombeiros Forestais do noso país**.

[Seguridade na defensa contra incendios forestais \(miteco.gob.es\)](https://miteco.gob.es)

